CONTOS QUE CONTAXIAN ILUSION

bibliotecainfantil.fundaciononce.es



# ROSALÍA
## A ESPíA



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.





## SOBRE A XORDEIRA

Algúns nenos nacen cunha DIFICULTADE PARA OÍR, é dicir, que non poden utilizar o sentido do oído como o fan outros nenos. Hainos que naceron así. A outros aparécelles cando son maiores por outras causas.

Nalgúns casos usan audiófonos ou implantes cocleares para oír. E para comunicarse, uns empregan a LÍNGUA DE SIGNOS e outros usan a **linguaxe oral.**

Esta é a historia de Rosalía, unha nena xord MOI CREATIVA que resolve todo tipo de enigmas coma se dunha verdadeira espía se tratase.

Coñécea e aprenderás a ser tan resolutivo coma ela...



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Nada, hoxe *non estou inspirada,* non conseguín despistar a señorita Mili Pechaopico... Sempre atopo UN TRUCO para saírme coa miña, pero hoxe...




Este caso estase a pór moi difícil,

PERO QUE MOI DIFICIL,

Dende que os meus compañeiros e eu decidimos tomar cartas no asunto, o meu olfacto de **ESPÍA INFALIBLE.** fíxome intuír que esta investigación ía ser complicada.



Levábamos tempo fixándonos nas CARAS DE PREOCUPACIÓN DOS PROFESORES. Cando de repente, todo deu un xiro inesperado. Grazas a que sei GIR INESPERAT. conseguín descifrar no recreo das 12:00, unha inquietante conversa entre o profesor de música, *Faustino Golondrino,* e a de ciencias, *Luz Degàs.*





Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Que por que sei ler os beizos? Fácil.

SON SORDA DE NACEMENTO



e aprendín a lelos para poder

entender mellor a xente.

BLA BLA E REQUETEBLA...

Ler os beizos é guai,

aínda que é un pouco complicado.

E COMO ESCOITAR COS OLLOS.

Hai que observar atentamente os movementos

dos beizos cando as persoas están falando.

E eu nisto son unha auténtica lince.



Ademais, podo escoitar frases

e sons

grzas ao meu audífono.

que é este aparatiño que levo no meu oído.





Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Esta estratéxica COMBINACIÓN DE TÉCNICAS,
unidas á miña intuición, convértenme en toda unha espía.




Sí,xa sei que son moi viva, pero que lle imos facer, encántanme

**os libros de espionaxe.**






Volvendo á conversa, que é o que agora nos interesa... lendo os beizos dos profes, pescudei que O NOSO PEQUENO COLEXIO ía ser vendido a un industrial agropecuario para convertelo nunha GRANXA DE POLOS d'engreixament artificial...



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Informeime ben de que significaba aquilo e

**que horror!!!**

En vez de «engordar» as nosas «mentes» coas materias, «engordarían» os «corpos» deses **pobres animais...**





Cando lles comuniquei aos meus compañeiros o

**TERRIBLE DESCUBRIMENTO**

ninguén o podía crer.




Todos pensamos que, se os nosos pais e profesores non facían nada por evitalo, teriamos que ser nós os que reaccionásemos. Foi así como creamos a

"Orde dos Coleguix".



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

E aquí estou,
liderando esta
rebelión secreta
para defender
a cultura
e
O SABER.




13

Na nosa estratexia
tamén usamos a
LINGUA DE SIGNOS
que lles ensinei
aos meus colegas.

A lingua de signos
foinos moi útil para
as comunicacións
SECRETAS.

Así, grazas a todos os meus
coñecementos, creamos un
sistema de espionaxe
que nos permite facer
moitos movementos sen que
ninguén nos descubra.



14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



Descubrimos que a Señorita Mili Pechaopico leva anos facéndose co control do colexio ás agochadas de todos. A ela non lle gustan os nenos.
Non ten imaxinación e quere que o mundo sexa triste e ABURRIDO. Por iso quere pechar o colexio.

15

# PERO NON. NON O CONSEGUIRÁ...

Non sabe con quien se enfronta.

## EU SON ROSALÍA A ESPÍA.

Na miña última misión, pescudei onde garda os papeis que a delatan como traidora.

Daréillelos aos pais e mestres e eles saberán que facer para PARARLLE OS PÉS.



16

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Cando o caso se resolva completamente,
dedicareime a PERFECCIONAR
o meu método de espionaxe
para solucionar todas as inxustizas
coas que me atope no futuro.

Apúntaste a seguirme nesta
AVENTURA XENIAL?

FIN

17



18

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.